2023
2024

FP | FORMACIÓN PROFESIONAL



o futuro
nas túas mans

Familia profesional

# Actividades físicas e deportivas

XUNTA
DE GALICIA



# CB Acceso e conservación en instalacións deportivas

**Ciclo formativo de grao básico** **Título LOE**

Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?**

Realizar operacións auxiliares no control de acceso, circulación e asistencia ás persoas usuarias e visitantes da instalación deportiva, o apoio á organización de actividades físico-deportivas seguindo instrucións de superiores ou plan de traballo, a prevención para a mellora da seguridade dentro do recinto e a reposición ou a reparación de avarías de nivel básico, operando coa calidade indicada e actuando en condicións de seguridade e de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, así como comunicarse de xeito oral e escrito en lingua castelá e, de ser o caso, na lingua cooficial propia, así como nalgunha lingua estranxeira.

**En que ámbitos se traballa?**

Principalmente por conta allea, tanto no ámbito público (Administración xeral do Estado e administracións autonómicas ou locais) como en entidades de carácter privado, sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en ximnasios e federacións deportivas, en piscinas, espazos naturais, parques acuáticos, empresas de servizos deportivos, empresas de turismo activo, hoteis, cámpings, balnearios e centros de SPA, empresas de xestión deportiva, clubs e asociacións deportivo-recreativas e de lecer, centros educativos e instalacións deportivas afíns, e baixo a supervisión directa de persoal responsable superior.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Acompañante de persoas usuarias en instalacións deportivas; auxiliar de arquivo, de control de instalacións deportivas, de información, de oficina e de servizos xerais; axudante de control e mantemento; clasificador/a e/ou repartidor/a de correspondencia; conserxe de colexios, de instalacións e de piscinas; mozo/a de vestiario de piscinas; ordenanza; subalterno/a de dependencias e de piscinas; recepcionista e expendedor de entradas; telefonista en servizos centrais de información.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP3004 | **Arquivamento e comunicación** | 146 |
| 1º | AM3009 | Ciencias aplicadas I | 175 |
| 1º | AM3011 | Comunicación e ciencias sociais I | 206 |
| 1º | MP3150 | **Reparación de avarías e reposición de utensilios** | 204 |
| 1º | MP3003 | **Técnicas administrativas básicas** | 179 |
| 2º | MP3148 | **Acceso de usuarios e organización da instalación** | 69 |
| 2º | MP3149 | **Asistencia na organización de espazos e actividades, e na repartición de material na instalación fisicodeportiva** | 135 |
| 2º | MP3005 | **Atención á clientela** | 58 |
| 2º | AM3010 | Ciencias aplicadas II | 162 |
| 2º | AM3012 | Comunicación e ciencias sociais II | 135 |
| 2º | MP3152 | Formación en centros de traballo | 320 |
| 2º | MP3151 | **Operacións básicas de prevención nas instalacións deportivas** | 149 |

**Nota.** No primeiro curso dedicaranse 35 horas á titoría, e 27 horas no segundo curso. Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?**

Técnico básico en Acceso e conservación en instalacións deportivas.

## Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

| Módulos profesionais superados | Unidades de competencia acreditables |
|---|---|
| MP3148 Acceso de usuarios e organización da instalación físicodeportiva.<br>MP3149 Asistencia na organización de espazos e actividades, e na repartición de material na instalación fisicodeportiva.<br>MP3150 Reparación de avarías e reposición de utensilios.<br>MP3151 Operacións básicas de prevención nas instalacións deportivas. | UC1631_1 Realizar operación auxiliares de control de acceso e circulación na instalación deportiva e asistir as persoas usuarias no uso desta.<br>UC1632_1 Realizar a asistencia operativa aos técnicos deportivos durante o desenvolvemento das súas actividades en instalacións deportivas.<br>UC1633_1 Realizar operacións preventivas para mellorar a seguridade na instalación deportiva e iniciar a asistencia en caso de emerxencia. |
| MP3003 Técnicas administrativas básicas. | UC0969_1 Realizar e integrar operacións de apoio administrativo básico. |
| MP3004 Arquivamento e comunicación. | UC0970_1 Transmitir e recibir información operativa en xestións rutineiras con axentes externos da organización.<br>UC0971_1 Realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivamento en soporte convencional ou informático. |
| MP3005 Atención á clientela. | UC1329_1 Proporcionarlle á clientela atención e información operativa, estruturada e protocolizada. |

# CM Guía no medio natural e de tempo libre

Ciclo formativo de grao medio **Título LOE**

Perfil profesional Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?**

Organizar itinerarios e guiar grupos por contornos naturais de baixa e media montaña, terreo nevado tipo nórdico, cavidades de baixa dificultade, barrancos de baixo risco, medio acuático e instalacións de lecer e aventura, progresando a pé, con cordas, en bicicleta, en embarcacións e a cabalo, así como dinamizar actividades de tempo libre, adaptando todo ás persoas participantes, respectando o ambiente e garantindo a calidade e a seguridade.

**En que ámbitos se traballa?**

No ámbito das actividades deportivo-recreativas na natureza e turismo activo, deportivo ou de aventura, e en instalacións de lecer e aventura; en actividades socioeducativas de tempo libre; nas áreas de organización, desenvolvemento, dinamización, seguimento e avaliación das devanditas actividades e nas de prevención, vixilancia e rescate en espazos acuáticos naturais, así como en unidades de intervención acuática e equipos de rescate e socorrismo; de xeito autónomo ou como contratado/a, nos ámbitos público (Administración xeral, autonómica ou local) e privado (grandes, medianas e pequenas empresas de servizos vinculadas aos sectores produtivos do deporte, turismo, e lecer e tempo libre educativo infantil e xuvenil).

**Que ocupacións se desempeñan?**

Deseñador de itinerarios terrestres ata media montaña, deseñador de itinerarios ecuestres ata media montaña, deseñador de itinerarios en bicicleta por terreos de ata media montaña, deseñador de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de despacho, deseñador e organizador de actividades físico-deportivas recreativas guiadas polo medio natural, encargado de prevención e seguridade en roteiros e eventos en bicicleta, encargado de prevención e seguridade en roteiros e eventos ecuestres, guía en actividades de sendeirismo, montañismo por baixa e media montaña, travesía por baixa e media montaña, e roteiros nevados tipo nórdico con raquetas. Guía de barrancos de baixa dificultade. Guía de espeleología de dificultade baixa. Guía de itinerarios en bicicleta de montaña. Guía de itinerarios de cicloturismo. Guía de itinerarios dacabalo. Guía de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de despacho, monitor de tempo libre educativo infantil e xuvenil. Monitor de campamentos, de albergues de mocidade, de casas de colonias, de granxas-escolas, e de aulas e escolas de natureza. Monitor de actividades no marco escolar. Monitor de instalacións de lecer e aventura. Socorrista en praias marítimas. Socorrista en lagos e encoros. Socorrista de apoio en unidades de intervención acuática. Socorrista en actividades acuáticas na contorna natural. Socorrista en actividades náutico-deportivas. Socorrista en praias fluviais.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP1340 | Formación e orientación laboral | 107 |
| 1º | MP1334 | **Guía de bicicleta** | 160 |
| 1º | MPI015 | Lingua estranxeira profesional I | 53 |
| 1º | MP1339 | Manobras con cordas | 214 |
| 1º | MP1329 | **Organización de itinerarios** | 133 |
| 1º | MP1325 | **Técnicas de equitación** | 133 |
| 1º | MP1336 | **Técnicas de natación** | 53 |
| 1º | MP1335 | **Técnicas de tempo libre** | 107 |
| 2º | MP1328 | **Atención a grupos** | 53 |
| 2º | MP1341 | Empresa e iniciativa emprendedora | 53 |
| 2º | MP1342 | Formación en centros de traballo | 410 |
| 2º | MP1333 | **Guía de baixa e media montaña** | 191 |
| 2º | MP1327 | **Guía ecuestre** | 70 |
| 2º | MP1338 | Guía no medio natural acuático | 105 |
| 2º | MPI016 | Lingua estranxeira profesional II | 53 |
| 2º | MP1337 | **Socorrismo no medio natural** | 105 |

**Nota.** Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?**

Técnico/a en Guía no medio natural e de tempo libre.

**Que unidades de competencia se acreditan?**

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

| Módulos profesionais superados | Unidades de competencia acreditables |
|---|---|
| MP1325 Técnicas de equitación. | UC1080_2 Dominar as técnicas básicas de monta a cabalo. |
| MP1327 Guía ecuestre.<br>MP1328 Atención a grupos. | UC1081_2 Guiar e dinamizar persoas por itinerarios a cabalo. |
| MP1328 Atención a grupos.<br>MP1335 Técnicas de tempo libre. | UC1866_2 Organizar, dinamizar e avaliar actividades no tempo libre educativo infantil e xuvenil.<br>UC1867_2 Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude.<br>UC1868_2 Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre. |
| MP1329 Organización de itinerarios. | UC0353_2 Determinar e organizar itinerarios en bicicleta por terreos variados ata media montaña.<br>UC0505_2 Determinar e organizar itinerarios por baixa e media montaña.<br>UC1079_2 Determinar e organizar itinerarios a cabalo por terreos variados. |
| MP1328 Atención a grupos.<br>MP1333 Guía de baixa e media montaña. | UC0506_2 Progresar con eficacia e seguridade por terreo de baixa e media montaña, e terreo nevado de tipo nórdico.<br>UC0507_2 Guiar e dinamizar persoas por itinerarios de baixa e media montaña, e terreo nevado de tipo nórdico. |
| MP1328 Atención a grupos.<br>MP1334 Guía de bicicleta. | UC0508_2 Conducir bicicletas con eficacia e seguridade por terreos variados ata media montaña, e realizar o mantemento operativo de bicicletas.<br>UC0509_2 Guiar e dinamizar persoas por itinerarios en bicicleta ata media montaña. |
| MP1336 Técnicas de natación. | UC0269_2 Executar técnicas específicas de natación con eficacia e seguridade. |
| MP1337 Socorrismo no medio natural. | UC0272_2 Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.<br>UC1082_2 Previr accidentes ou situacións de emerxencia en espazos acuáticos naturais.<br>UC1083_2 Rescatar persoas en caso de accidente ou situacións de emerxencia en espazos acuáticos naturais. |

## Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

| Unidades de competencia acreditadas | | Módulos profesionais validables | |
|---|---|---|---|
| UC1080_2 | Dominar as técnicas básicas de monta a cabalo. | MP1325 | Técnicas de equitación. |
| UC0272_2<br>UC1082_2<br>UC1083_2 | Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.<br>Previr accidentes ou situacións de emerxencia en espazos acuáticos naturais.<br>Rescatar persoas en caso de accidente ou situacións de emerxencia en espazos acuáticos naturais. | MP1337 | Socorrismo no medio natural. |
| UC1081_2 | Guiar e dinamizar persoas por itinerarios a cabalo. | MP1327<br>MP1328 | Guía ecuestre.<br>Atención a grupos. |
| UC0353_2 | Determinar e organizar itinerarios en bicicleta por terreos variados ata media montaña. | MP1329 | Organización de itinerarios. |
| UC0505_2 | Determinar e organizar itinerarios por baixa e media montaña. | MP1329 | Organización de itinerarios. |
| UC1079_2 | Determinar e organizar itinerarios a cabalo por terreos variados. | MP1329 | Organización de itinerarios. |
| UC0506_2<br>UC0507_2 | Progresar con eficacia e seguridade por terreo de baixa e media montaña, e terreo nevado de tipo nórdico.<br>Guiar e dinamizar persoas por itinerarios de baixa e media montaña, e terreo nevado de tipo nórdico. | MP1328<br>MP1333 | Atención a grupos.<br>Guía de baixa e media montaña. |
| UC0508_2<br>UC0509_2 | Conducir bicicletas con eficacia e seguridade por terreos variados ata media montaña, e realizar o mantemento operativo de bicicletas.<br>Guiar e dinamizar persoas por itinerarios en bicicleta ata media montaña. | MP1328<br>MP1334 | Atención a grupos.<br>Guía de bicicleta. |
| UC1866_2<br>UC1867_2<br>UC1868_2 | Organizar, dinamizar e avaliar actividades no tempo libre educativo infantil e xuvenil.<br>Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude.<br>Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre. | MP1328<br>MP1335 | Atención a grupos.<br>Técnicas de tempo libre. |
| UC0269_2 | Executar técnicas específicas de natación con eficacia e seguridade. | MP1336 | Técnicas de natación. |



# CS Acondicionamento físico

Ciclo formativo de grao superior **Título LOE**

Perfil profesional | Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?**

Elaborar, coordinar, desenvolver e avaliar programas de acondicionamento físico para todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes espazos de práctica, dinamizando as actividades e orientándoas cara á mellora da calidade de vida e da saúde, garantindo a seguridade e aplicando criterios de calidade, tanto no proceso como nos resultados do servizo.

**En que ámbitos se traballa?**

No ámbito público (Administración xeral do Estado e administracións autonómicas e locais) e en entidades de carácter privado, en ximnasios, empresas de servizos deportivos, padroados deportivos ou entidades deportivas municipais, clubs ou asociacións deportivas ou de carácter social, empresas turísticas (hoteis, cámping, balnearios, etc.), grandes empresas con servizos deportivos para o seu persoal, centros xeriátricos ou de carácter social, federacións deportivas ou organismos públicos de deportes (deputacións, direccións xerais de deporte, etc.).

**Que ocupacións se desempeñan?**

Adestrador/a de acondicionamento físico nas salas de adestramento polivalente de ximnasios ou polideportivos e en instalacións acuáticas, e de acondicionamento físico para grupos con soporte musical en ximnasios, instalacións acuáticas ou en polideportivos; instrutor/a de grupos de hidrocinesia e coidado corporal; promotor/a de actividades de acondicionamento físico; animador/a de actividades de acondicionamento físico; coordinador/a de actividades de acondicionamento físico e de hidrocinesia; monitor/a de aeróbic, de step, de ciclo indoor, de fitness acuático e de actividades afíns; instrutor/a das actividades de acondicionamento físico para colectivos especiais.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP1151 | **Acondicionamento físico na auga** | 213 |
| 1º | MP1149 | **Actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical** | 160 |
| 1º | MP1153 | Control postural, benestar e mantemento funcional | 187 |
| 1º | MP1155 | Formación e orientación laboral | 107 |
| 1º | MPI001 | Lingua estranxeira profesional I | 53 |
| 1º | MP1136 | **Valoración da condición física e intervención en accidentes** | 240 |
| 2º | MP1150 | **Actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical** | 123 |
| 2º | MP1156 | Empresa e iniciativa emprendedora | 53 |
| 2º | MP1148 | **Fitness en sala de adestramento polivalente** | 173 |
| 2º | MP1157 | Formación en centros de traballo | 384 |
| 2º | MP0017 | Habilidades sociais | 123 |
| 2º | MPI002 | Lingua estranxeira profesional II | 53 |
| 2º | MP1154 | Proxecto de acondicionamento físico | 26 |
| 2º | MP1152 | **Técnicas de hidrocinesia** | 105 |

**Nota.** Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?**

Técnico superior en Acondicionamento físico.

## Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

| Unidades de competencia acreditadas | | Módulos profesionais validables | |
|---|---|---|---|
| MP1136 | Valoración da condición física e intervención en accidentes. | UC0272_2 | Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia. |
| | | UC0273_3 | Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria. |
| MP1148 | Fitness en sala de adestramento polivalente. | UC0274_3 | Programar as actividades propias dunha sala de adestramento polivalente (SEP), atendendo a criterios de promoción da saúde e o benestar da persoa usuaria. |
| | | UC0275_3 | Instruír e dirixir actividades de acondicionamento físico con equipamentos e materiais propios de salas de adestramento polivalente (SEP). |
| MP1149 | Actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical. | UC0515_3 | Deseñar e executar coreografías cos elementos propios do aeróbic, e as súas variantes e actividades afíns. |
| MP1150 | Actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical. | UC0516_3 | Programar e dirixir actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical (AFGSM). |
| MP1151 | Acondicionamento físico na auga. | UC1663_3 | Deseñar e executar habilidades e secuencias de fitness acuático. |
| | | UC1664_3 | Programar, dirixir e dinamizar actividades de fitness acuático. |
| MP1152 | Técnicas de hidrocinesia. | UC1665_3 | Elaborar e aplicar protocolos de hidrocinesia. |

## Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

| Unidades de competencia acreditadas | | Módulos profesionais validables | |
|---|---|---|---|
| UC0272_2 | Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia. | MP1136 | Valoración da condición física e intervención en accidentes. |
| UC0273_3 | Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria. | | |
| UC0274_3 | Programar as actividades propias dunha sala de adestramento polivalente (SEP), atendendo a criterios de promoción da saúde e o benestar da persoa usuaria. | MP1148 | Fitness en sala de adestramento polivalente. |
| UC0275_3 | Instruír e dirixir actividades de acondicionamento físico con equipamentos e materiais propios de salas de adestramento polivalente (SEP). | | |
| UC0515_3 | Deseñar e executar coreografías cos elementos propios do aeróbic, e as súas variantes e actividades afíns. | MP1149 | Actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical. |
| UC0516_3 | Programar e dirixir actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical (AFGSM). | MP1150 | Actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical. |
| UC1663_3 | Deseñar e executar habilidades e secuencias de fitness acuático. | MP1151 | Acondicionamento físico na auga. |
| UC1664_3 | Programar, dirixir e dinamizar actividades de fitness acuático. | | |
| UC1665_3 | Elaborar e aplicar protocolos de hidrocinesia. | MP1152 | Técnicas de hidrocinesia. |

**Nota.** O módulo profesional MP0017: habilidades sociais validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

# CS Ensinanza e animación sociodeportiva

## Ciclo formativo de grao superior — Título LOE

### Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?**

Elaborar, xestionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos recreativos para todo tipo de persoas usuarias, programando e dirixindo as actividades de ensino, de inclusión sociodeportiva e de tempo libre, coordinando as actuacións dos/das profesionais implicados/as, garantindo a seguridade, respectando o ambiente e conseguindo a satisfacción das persoas usuarias, nos límites de custo previstos.

**En que ámbitos se traballa?**

No ámbito público, na Administración xeral, autonómica ou local, en entidades de carácter privado, en grandes, medianas ou pequenas empresas que ofrezan servizos de ensino deportivo, acondicionamento físico, inclusión sociodeportiva e recreación.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis, pádel, etc.); animador/a físico-deportivo/a e recreativo/a, de actividades de inclusión sociodeportiva, de veladas e espectáculos en instalacións turísticas, e de actividades recreativas ao aire libre en instalacións turísticas; coordinador/a de actividades de animación deportiva, de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas e privadas, de tempo libre educativo infantil e xuvenil, de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza, e de actividades paracurriculares no marco escolar; responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil; director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil, de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza, e de actividades paracurriculares no marco escolar; xefe/a de departamento de animación turística; cronometrador/a, xuíz/a e árbitro/a de competicións deportivas non oficiais; promotor/a deportivo/a de competicións de nivel elemental ou social e de eventos deportivos de nivel básico; monitor/a de actividades físico-deportivas e recreativas en campamentos de tempo libre; socorrista en instalacións acuáticas.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP1141 | Actividades físicodeportivas de implementos | 160 |
| 1º | MP1139 | **Actividades físicodeportivas individuais** | 186 |
| 1º | MP1145 | Formación e orientación laboral | 107 |
| 1º | MP1143 | Metodoloxía do ensino de actividades físicodeportivas | 107 |
| 1º | MP1136 | **Valoración da condición física e intervención en accidentes** | 240 |
| 1º | MP1138 | **Xogos e actividades físicorecreativas e de animación turística** | 160 |
| 2º | MP1123 | **Actividades de lecer e tempo libre** | 156 |
| 2º | MP1140 | Actividades físicodeportivas de equipo | 140 |
| 2º | MP1142 | Actividades físicodeportivas para a inclusión social | 105 |
| 2º | MP1124 | **Dinamización grupal** | 123 |
| 2º | MP1146 | Empresa e iniciativa emprendedora | 53 |
| 2º | MP1147 | Formación en centros de traballo | 384 |
| 2º | MP1137 | **Planificación da animación sociodeportiva** | 53 |
| 2º | MP1144 | Proxecto de ensino e animación sociodeportiva | 26 |

**Nota.** Os módulos en grosa están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?**

Técnico superior en Ensinanza e animación sociodeportiva.

## Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

| Módulos profesionais superados | | Unidades de competencia acreditables | |
|---|---|---|---|
| MP1123 | Actividades de lecer e tempo libre. | UC1868_2 | Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre. |
| | | UC1869_3 | Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo. |
| MP1124 | Dinamización grupal. | UC1093_3 | Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer. |
| | | UC1867_2 | Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude. |
| | | UC1870_3 | Xerar equipos de persoal monitor, dinamizándoos e supervisándoos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil. |
| MP1136 | Valoración da condición física e intervención en accidentes. | UC0272_2 | Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia. |
| | | UC0273_3 | Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria. |
| MP1137 | Planificación da animación sociodeportiva. | UC1658_3 | Elaborar, xestionar, promover e avaliar proxectos de animación fisicodeportivos e recreativos. |
| MP1138 | Xogos e actividades físicorecreativas e de animación turística. | UC1094_3 | Organizar e desenvolver actividades lúdicas e físico-recreativas en animación turística. |
| | | UC1095_3 | Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa. |
| | | UC1096_3 | Organizar e desenvolver reunións e espectáculos con fins de animación. |
| | | UC1659_3 | Organizar e dinamizar eventos, actividades e xogos de animación fisicodeportiva e recreativa para calquera tipo de persoas usuarias. |
| MP1139 | Actividades físicodeportivas individuais. | UC1084_3 | Programar actividades de ensino e acondicionamento físico básico relativas a actividades de natación. |
| | | UC1085_3 | Dirixir a aprendizaxe e o acondicionamento físico básico en actividades de natación. |

## Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

| Unidades de competencia acreditadas | | Módulos profesionais validables | |
|---|---|---|---|
| UC1868_2 | Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre. | MP1123 | Actividades de lecer e tempo libre. |
| UC1869_3 | Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo. | | |
| UC1867_2 | Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude. | MP1124 | Dinamización grupal. |
| UC1870_3 | Xerar equipos de persoal monitor, dinamizándoos e supervisándoos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil. | | |
| UC1093_3 | Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer. | MP1124 | Dinamización grupal. |
| UC0272_2 | Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia. | MP1136 | Valoración da condición física e intervención en accidentes. |
| UC0273_3 | Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria. | | |
| UC1658_3 | Elaborar, xestionar, promover e avaliar proxectos de animación fisicodeportivos e recreativos. | MP1137 | Planificación da animación sociodeportiva. |
| UC1095_3 | Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa. | MP1138 | Xogos e actividades físicorecreativas e de animación turística. |
| UC1096_3 | Organizar e desenvolver reunións e espectáculos con fins de animación. | | |
| UC1659_3 | Organizar e dinamizar eventos, actividades e xogos de animación fisicodeportiva e recreativa para calquera tipo de persoas usuarias. | | |
| UC1094_3 | Organizar e desenvolver actividades lúdicas e físico-recreativas en animación turística. | MP1138 | Xogos e actividades físicorecreativas e de animación turística. |
| UC1095_3 | Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa. | | |
| UC1096_3 | Organizar e desenvolver reunións e espectáculos con fins de animación. | | |

**Nota.** O módulo profesional MP1143: metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.



# Información

| | |
|---|---|
| O | Réxime ordinario presencial |
| A | Réxime de adultos modalidade presencial |
| D | Réxime de adultos modalidade a distancia |
| U | FP Dual (empresa e centro educativo) |

## CB Acceso e conservación en instalacións deportivas

**A Coruña**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Culleredo | CIFP Universidade Laboral | O | 881960820 | cifp.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal |

## CM Guía no medio natural e de tempo libre

**A Coruña**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Arteixo | IES de Sabón | O | 881960140 | ies.sabon.arteixo@edu.xunta.gal |
| Coristanco | EFAG Fonteboa | O | 981733051 | efag.fonteboa@edu.xunta.gal |
| Culleredo | CIFP Universidade Laboral | O | 881960820 | cifp.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal |
| Porto do Son | IES de Porto do Son | O | 881866707 | ies.porto.son@edu.xunta.gal |

**Pontevedra**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Gondomar | IES Plurilingüe Terra de Turonio | O | 886110203 | ies.terraturonio.gondomar@edu.xunta.gal |
| Poio | IES de Poio | O | 886151444 | ies.depoio@edu.xunta.gal |
| Silleda | IES Plurilingüe Pintor Colmeiro | O | 986580904 | ies.pintor.colmeiro@edu.xunta.gal |

## CS Acondicionamento físico

**A Coruña**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Coruña, A | IES Agra do Orzán | O | 881880080 | ies.agra.orzan@edu.xunta.gal |
| Culleredo | CIFP Universidade Laboral | O | 881960820 | cifp.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal |

**Ourense**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ourense | CIFP A Farixa | O | 988783012 | cifp.farixa@edu.xunta.gal |

**Pontevedra**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Cangas | IES María Soliño | O | 886120012 | ies.maria.solino@edu.xunta.gal |
| Lalín | IES Laxeiro | O | 886151940 | ies.laxeiro@edu.xunta.gal |
| Vigo | IES A Guía | O | 886111003 | ies.guia@edu.xunta.gal |
| Vilagarcía de Arousa | CIFP Fontecarmoa | O | 886151956 | cifp.fontecarmoa@edu.xunta.gal |

## Dobre titulación en CS Ensinanza e animación sociodeportiva e CS Acondicionamento físico

**Ourense**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ourense | CIFP A Farixa | U | 988783012 | cifp.farixa@edu.xunta.gal |

## CS Ensinanza e animación sociodeportiva

**A Coruña**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Coruña, A | IES Agra do Orzán | O | 881880080 | ies.agra.orzan@edu.xunta.gal |
| Culleredo | CIFP Universidade Laboral | A O | 881960820 | cifp.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.gal |
| Ferrol | CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro | O | 881930145 | cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.gal |
| Santiago de Compostela | IES Plurilingüe Rosalía de Castro | O | 881866556 | ies.rosalia.castro@edu.xunta.gal |

**Lugo**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Burela | IES Monte Castelo | O | 982828241 | ies.monte.castelo@edu.xunta.gal |
| Lugo | CIFP Politécnico de Lugo | O | 982220328 | cifp.politecnico.lugo@edu.xunta.gal |

**Pontevedra**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Marín | CPR Plurilingüe San Narciso | O | 986881408 | cpr.sannarciso@edu.xunta.gal |
| Mos | CPR Plurilingüe Lar | O | 986487792 | cpr.lar@edu.xunta.gal |
| Pontevedra | IES Sánchez Cantón | O | 886159039 | ies.sanchez.canton@edu.xunta.gal |

AENOR
Empresa Registrada
UNE-EN ISO 9001
ER-0998/2005

Certificado PEFC
Este produto procede de bosques xestionados de forma sostible e fontes controladas
PEFC/14-38-00088
www.pefc.es

ara avaliación recoñecemento e acreditación

## Onde informarse

Portal Educativo de Formación Profesional:
**edu.xunta.gal/fp**

Síguenos en:

facebook.com/fpgalicia
twitter.com/fpgalicia
instagram.com/fpgalicia

#FPGalicia
#FPDualGalicia
@fpgalicia

## Departamentos de orientación dos centros educativos

## Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Dirección Xeral de Formación Profesional

Edificio administrativo de San Caetano
**Santiago de Compostela**
dxfp.educacion@xunta.gal


Financiado pola Unión Europea
NextGenerationEU

Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Fondos Europeos

XUNTA DE GALICIA